



CONCELLO DE
OLEIROS

RESOLUCIÓN

O día 28 de febreiro de 2024 emitiuse polo Director do CMF un informe no que reflexa que no BOP do 12 de febreiro de 2024, se publicou a concesión de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos Concellos da provincia durante o exercicio 2024 (programa PEL Concellos).

Na dita publicación recóllese unha subvención concedida ao Concello de Oleiros para contratar a catro traballadores (dous operarios de servizos xardineiros e dous operarios de servizos electricistas).

Os días 6 e 14 de marzo, emítense os informes favorables para a contratación por parte da xefa do servizo de RRHH e polo interventor municipal.

Para cubrir os postos tramitáronse dúas ofertas xenéricas ante o Servizo Publico de Galicia e tamén se publicou un anuncio da convocatoria na páxina web municipal para permitir a libre concorrencia de persoas. O prazo de presentación de solicitudes foi de 3 días hábiles e rematou o pasado 26 de marzo.

Co obxecto de cumprimentar a tramitación administrativa coa realización das entrevistas profesionais.

No exercicio das facultades atribuídas ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que p.d., en virtude do decreto do alcalde núm: 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de Alcaldía;

RESOLVO:

1.- Determinar que o tribunal que xulgará a entrevista persoal estará formado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: María Soledad de Arriba Docal

Suplente: M^{ra} Pilar Cela Álvarez

SECRETARIO:

Titular: Mar Ponte Maestre

Suplente: María Vázquez Tenjido

VOGAIS:

Titular: Ramón E. Martín Palma

Suplente: Juan Ramón García Fernández

Titular: Manuel Ramón Lema Pombo

Suplente: Jorge Chas Docal

Titular: David Puñal Prol

Suplente: Andrés Siso Vecino

2.- Convocar ao Tribunal para a realización da entrevista profesional, que terá lugar o día 11 de abril de 2024 ás 09.30 horas na Centro Municipal de Formación (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros).

3.- Notificar esta resolución aos membros do tribunal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola segunda tenente de alcalde delegada de Persoal en funcións, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

